



Certificar a calidade, unha tendencia á alza

Nos últimos anos é habitual ver como compañías de todos os sectores en xeral, e do lácteo en particular, se apoian en selos como o de benestar animal, o de leite ecolóxico ou o de pastoreo para promover os seus produtos. A continuación facemos un repaso polos principais distintivos de calidade da man dalgunhas das compañías lácteas de referencia do país.

A integración nas granxas de sistemas de xestión de calidade era ata hai menos dunha década algo practicamente anecdótico, pero hoxe en día converteuse case en obrigatorio se se quere cumprir coas esixencias de benestar animal que están a demandar a industria e os consumidores. “Representa unha forma de xestionar a granxa de xeito que se demostre que se realizan correctamente os procesos ou prácticas necesarias na produción de leite”, di o responsable de compras da planta de leite condensado de Nestlé en Galicia, Edis Estévez.

“Está claro que hai unha tendencia á alza dos nosos xefes, os consumidores, cara a unhas producións baseadas no benestar animal. É algo que se está a demandar tanto en España como fóra do país”, engade Roberto Robles, responsable de Servizos Gandeiros de Lactiber, quen ademais explica que adaptarse a esta nova dinámica non só axuda a satisfacer as necesidades dos seus clientes, senón tamén a mellorar a produtividade das explotacións coas que traballan: “Estamos convencidos de que as granxas con maior benestar, nas que as vacas son máis felices, tamén son as que teñen maior produtividade”.

“Esta é unha forma de darlle visibilidade a ese labor de moitos anos e de moitas persoas. Pon en valor o bo traballo que realizan os gandeiros e demostra que altas producións e altas calidades de leite non son incompatibles cun bo benestar animal, nin coa rendibilidade do negocio do gandeiro”, conta Félix Díez, responsable de Benestar Animal de Calidad Pascual.

WELFARE QUALITY: O PATRÓN A SEGUIR

Por estes motivos, e tomando sempre como referencia a lexislación vixente aplicable que se debe cumprir de xeito obrigatorio (a Norma Europea 853/2004 relativa ás normativas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal), as industrias tenden cada vez máis á aposta por certificacións que lles outorguen un extra no tocante a garantir que os animais cos que traballan gozan de benestar.

En xeral, os criterios para asegurar as boas condicións do rabaño toman como base o protocolo europeo Welfare Quality, o cal foi desenvolvido por persoal e organizacións de todo o continente, entre as que se atopa o Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias (IRTA) con sede en Cataluña. Este documento atende a catro factores principais: a alimentación, o aloxamento, o estado sanitario e o comportamento. Dentro deses parámetros identifícanse doce medidas complementarias entre si que, tal e como explican dende a Asociación Española de Normalización e Certificación (Aenor), en conxunto, e atendendo á correlación entre elas, permiten ver o grao de benestar real.

Os devanditos criterios son a ausencia de fame e sede prolongadas, o confort (térmico e en relación co descanso) e a facilidade de movemento, a ausencia de lesións, enfermidades e dor causada polo manexo; a expresión dun comportamento social e doutras condutas axeitadas e unha relación humano-animal e un estado emocional positivos.

► “ALTAS PRODUCCIÓN E ALTAS CALIDADES DE LEITE NON SON INCOMPATIBLES CUN BO BENESTAR ANIMAL”, F. DÍEZ



A ausencia de fame e sede prolongadas, dous factores fundamentais do Welfare Quality

O EXAME EXTERNO

Parte do traballo de revisión a nivel interno implica a implantación de accións de mellora naquelas granxas que poidan correr o risco de non chegar a acadar a puntuación necesaria para superar o control externo. “Sobre esas explotacións facemos un seguimento para que cando chegue a empresa externa poida certificar que temos o que nós cremos ter”, explica Robles.

Aenor e a industria láctea

Aenor é un dos principais órganos autorizados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para certificar de xeito externo no país. Na actualidade, ten operacións en desenvolvemento en 90 países e máis de 2.700 certificados co seu nome só no sector agroalimentario, os cales “axudan ao recoñecemento da calidade, á competitividade

e á legalidade destes produtos, ao tempo que contribúen a abrir novos mercados”, enumeran dende a asociación.

Sandra Montejano, xerente de alimentación da entidade, sinala a clave destas certificacións: “Ponse o foco no animal, que é o que nos amosa o seu estado, o cal é lóxico, posto que estamos falando de avaliar o seu benestar”. ►►

SEPARADOR PLUG&PLAY


O LIDER TECNOLÓXICO NA SEPARACIÓN DE LÍQUIDOS E SÓLIDOS



Importador en exclusiva para España y Portugal
979 728 450 - www.farmingagricola.com

¡CONSULTE AS NOSSAS MÁQUINAS DE DEMONSTRACIÓN!

- Deseño compacto e flexible
- Baixos requerimentos de enerxía
- Elevados redementos de materia seca
- Múltiples utilización: gandería, agricultura, industria e plantas de biogás





A calidade do leite debe ir parella ao benestar dos animais



Tal e como apunta Montejano, dende Aenor poñen a disposición das ganderías e industrias lácteas certificacións nas que, tras as últimas tendencias relacionadas coa sustentabilidade, destaca o interese polos produtos éticos (benestar animal), pola volta ao tradicional (leite de pastoreo) e pola atención aos esquemas relacionados coa seguridade alimentaria e coa sustentabilidade das explotacións.

O Aenor Conform

O seu certificado de Benestar Animal Aenor Conform acredita que as organizacións cumpren cos requisitos do modelo de Aenor de Benestar Animal, o cal foi desenvolvido xunto co IRTA e está baseado no xa mencionado Welfare Quality.

Así pois, os auditores expertos no selo de Benestar Animal de Aenor realizan as súas auditorías con base nos catro principios básicos deste modelo internacional. Son, ademais, os únicos autorizados e cualificados pola plataforma Welfare Quality Network para certificar o cumprimento dos requisitos establecidos no protocolo. “Esta certificación ten en conta, igualmente, a implantación dun sistema de trazabilidade que asegure que só os programas que superaron favorablemente estes criterios poden facer uso desta marca en envases de produto final”, destaca Montejano.

► “AS GRANXAS CON MAIOR BENESTAR, NAS QUE AS VACAS SON MÁIS FELICES, TAMÉN SON AS QUE TEÑEN MAIOR PRODUTIVIDADE”, R. ROBLES

Outras certificacións en auxe

No caso da acreditación de Leite de Pastoreo de Aenor, do que se trata é de implantar un sistema de boas prácticas nas explotacións gandeiras co que se manteña un control exhaustivo do réxime de pastoreo definido, do manexo e da alimentación deses animais.

Así mesmo, engaden, “tamén dispoñemos doutras certificacións, como a que acredita que unha organización do sector implantou un sistema de xestión da calidade conforme á Norma ISO 9001; a do sistema de xestión da seguridade alimentaria segundo a Norma ISO 22000 e a Guía Inlac, que corrobora que as explotacións gandeiras cumpren coa Guía de prácticas correctas de hixie-

ne como ferramenta de axuda para combinar a rendibilidade da explotación e a responsabilidade na protección da saúde humana”.

QUE ESIXE A INDUSTRIA?

Acreditar o benestar animal, o tipo de alimentación que segue o rabaño ou a orixe do leite e dos seus derivados é, sen dúbida, un bo reclamo para atraer os consumidores, cada vez máis concienciados sobre a importancia de coñecer a trazabilidade dos produtos que están a mercar. Para afondar nos requisitos que están a esixirlles aos seus gandeiros, falamos con representantes dalgúns das principais industrias lácteas do país en relación aos seus criterios de certificación. ►►



MILLARES TORRÓN SL

Carretera de Santiago, km 5
27210 Lugo
Teléfono: 982 221 966
E-mail: correo@millarestorron.com
www.millarestorron.com



Tanco



MX



ALZ

VALTRA



FENDT



HARDI



FAE



can-am



ORSI

LUCAS G



AMAZONE



KRONE



DELIMBE



JCB



Na produción eco, as vacas deben pastar ao aire libre sempre que sexa posible

► “PONSE O FOCO NO ANIMAL, QUE É O QUE NOS AMOSA O SEU ESTADO”, S. MONTEJANO

Lactalis, aposta decidida polo eco

Responde: **Luis Antonio Díaz**

Dende Lactalis certifican en leite de pastoreo, en benestar animal e en ecolóxico. Teñen na actualidade 80 explotacións producindo en ecolóxico, a certificación á que outorgan maior importancia e pola que levan apostando xa 20 anos. “Esta certificación é a máis completa de todas, posto que garante que as vacas gozan de altos estándares en benestar animal, establece que as vacas teñen que pastar ao aire libre sempre que sexa posible e fixa un límite máximo de 2 vacas por hectárea de terreo, o que asegura un espazo amplo para o pasto e o benestar dos animais. Ademais, en canto á alimentación, a produción ecolóxica é a única que garante que as vacas comen pastos, forraxes e pensos de produción ecolóxica libres de organismos xeneticamente modificados (OXM) e axentes químicos”, indica Luis Antonio Díaz, responsable de calidade en compras de leite.

No entanto, e para garantir que a totalidade do leite que recollen cumpre cos máis altos estándares de seguridade e calidade alimentaria, realizan diariamente as análises pertinentes en todas as cisternas de leite e en cada explotación gandeira. “Contamos cun equipo composto por veterinarios e enxeñeiros agrónomos localizados ao redor de cada unha das nosas 8 fábricas cuxa función é colaborar diariamente cos nosos gandeiros na mellora da calidade do leite e na solución de calquera incidencia que poidan chegar a ter nas súas explotacións”, explica Díaz.

Todas as ganderías certificadas en leite de pastoreo e benestar animal coas que Lactalis colabora son auditadas dúas veces ao ano por Aenor. Deste xeito, no caso das certificadas en benestar animal deben respectar os criterios do Welfare Quality, mentres que nas certificadas en leite de pastoreo os requisitos son “cumprir cun tempo de pastoreo mínimo de 750 horas e 150 días ao ano e que cada hectárea conte, como máximo, con 2,5 unidades de gando maior (UGM). No que se refire á alimentación do gando, esta pode ser complementada con outras forraxes e concentrados, dos cales as primeiras supoñen na ración unha porcentaxe mínima do 55 %”.

En canto ao leite ecolóxico, cada comunidade autónoma determina a maneira de auditar e certificar este tipo de produción, que se rexe pola normativa europea de produción ecolóxica. Por exemplo, en Galicia é o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) o que visita os gandeiros que producen ou queren producir leite en ecolóxico e encárgase de facerlles as recomendacións pertinentes e de auditalos anualmente para comprobar que seguen cumprindo cos requisitos europeos e nacionais en canto a este modo de agricultura.

Lactiber, primeiros pasos cara á certificación de benestar

Responde: **Roberto Robles**

En Lactiber levan máis dun ano traballando para obter a certificación de benestar animal, a cal conseguiron o pasado mes de decembro. “Estamos recollendo leite en 69 granxas e todas obtiveron esta certificación, é dicir, que agora o 100 % do leite que entra en Lactiber o fai certificado en benestar animal”, conta Robles, o responsable de Servizos Gandeiros de Lactiber. ►►

ENTEC®

BY EUROCHEM

El abonado rentable y eficiente del maíz

ENTEC®, la mayor innovación en el abonado del maíz en los últimos años, permite obtener cosechas abundantes, de calidad y respetando el medio ambiente. El nitrógeno estabilizado de ENTEC® permanece en el suelo durante meses en forma amoniacal y retrasa su transformación a nitrato, evitando así las pérdidas de este elemento.

Con ENTEC® el maíz dispone de nitrógeno en el suelo durante un período más largo, lo que permite disminuir las aplicaciones de abono y disponer de un período flexible para la aplicación.

® Marca registrada de EuroChem Agro



Para más información



EuroChem Agro Iberia, S.L.
C/Tanger, 98 Esc.B 8ª planta
08018 Barcelona
Tel. 931 702 744
Fax. 932 259 291
www.eurochemagro.es



EUROCHEM

INDUSTRIA		CERTIFICADORA EXTERNA	QUE CERTIFICA	ESIXENCIAS DA CERTIFICACIÓN
LACTALIS		Depende das CC. AA. (Ex. Galicia: Creaga)	LEITE ECOLÓXICO	- Non máis de 2 vacas por hectárea de terreo - Teñen que pastar ao aire libre sempre que sexa posible - Aliméntanse de pastos, forraxes e pensos de produción ecolóxica libres de OXM e de axentes químicos
		AENOR	LEITE DE PASTOREO	- Non máis de 2,5 unidades de gando maior por hectárea - Tempo de pastoreo mínimo de 750 horas e 150 días ao ano - A alimentación do gando pódese complementar con outras forraxes e concentrados, dos cales as primeiras supoñen unha porcentaxe mínima do 55 % da ración
			BENESTAR ANIMAL	Cumprir cos principios e criterios recollidos no Welfare Quality : Alimentación: ausencia de fame e sede prolongadas Aloxamento: confort (térmico e en relación co descanso) e facilidade de movemento Estado sanitario: ausencia de lesións, de enfermidades e de dor causada polo manexo Comportamento: expresión dun comportamento social e doutras condutas axeitadas, e relación humano-animal e estado emocional positivos
LACTIBER		AENOR	BENESTAR ANIMAL	
LECHE PASCUAL		AENOR	BENESTAR ANIMAL	
NESTLÉ		CERTICAR	BENESTAR ANIMAL	Cumprir cos criterios do seu sistema de xestión de calidade, o Dairy For You Nestlé : - Identificación e trazabilidade - Alimentación e subministración de auga - Sanidade animal e uso de medicamentos - Manexo e benestar animal - Instalacións e proceso de muxido - Seguridade alimentaria e composición do leite - Aloxamento e condicións ambientais - Uso de agroquímicos - Medio ambiente e sustentabilidade - Protección de persoas - Creación de valor - Xestión documental
CAPSA FOOD	CENTRAL LECHERA ASTURIANA	SGS	BENESTAR ANIMAL	Cumprir cos criterios do certificado de Xestión de Servizos Agrarios de SGS, que abrangue: - Nutrición - Calidade do leite - Sanidade - Reprodución - Xestión de explotacións
	LARSA	SGS	LEITE DE PASTOREO	Tempo de pastoreo mínimo de 720 horas e 120 días ao ano

*Táboa elaborada en función da información facilitada por cada industria

En relación ao que lles esixen aos seus gandeiros, sinala que o primeiro é cumprir coa lexislación. Despois, préstalles atención a outros temas como “as feridas que poida ter a vaca, a sucidade, as coxeiras, o seu comportamento social... Todo iso trasládase a unha táboa de clasificación (que está baseada na normativa europea, a Welfare Quality), a partir da cal levamos a cabo a auditoría interna. Durante esta implantamos accións correctoras e de mellora se consideramos que é necesario para poder acadar a certificación externa”.

Neste caso, a auditoría externa fana con Aenor, a cal escolleron por considerar que “era a que máis desenvolvemento tivera neste campo”, explica.

Leche Pascual, a seguridade garantida

Responde: Félix Díez Fariza
O Programa de Seguridade Alimentaria funciona en todas as ganderías de Pascual dende o ano 2000. O veterinario e responsable de Benestar Animal de Calidad Pascual Félix Díez explica cales son os requisitos que deben cumprir as explotacións que traballan con eles: “Teñen que ter unhas instalacións axeitadas para o aloxamento do gando (descanso e protección fronte ás inclemencias do tempo, bebedoiros en cantidade suficiente e acceso á comida axeitado), cumprir uns requisitos de hixiene, tanto en animais coma no seu manexo, e o rabaño debe estar nunhas condicións de saúde axeitadas, con protocolos de control e prevención de enfermidades e baixo supervisión veterinaria (...). En definitiva, queremos que os nosos gandeiros teñan vacas felices”, sintetiza.

Todas as ganderías desta industria son avaliadas, como mínimo, dúas veces ao ano e atendendo aos requisitos do seu Manual de seguridade garantida, que no capítulo sobre benestar animal engloba todos os requisitos do Welfare Quality. “É o que nos permite avaliar todas as granxas e que poidan cumprir cos requisitos de certificación de Aenor”, di Díez.

O equipo de Benestar Animal da compañía subliña a importancia de contar con esta acreditación: “É, sen dúbida, o noso principal factor de diferenciación fronte á competencia, un criterio decisivo para o consumidor á hora de decantarse polo noso leite. Esta distinción recoñece un dos valores diferenciais da firma: o noso traballo no campo”.

Contan cun equipo multidisciplinar en cada un dos seus cinco centros de traballo: “Cada equipo ►►

LA FERIA INTERNACIONAL DE LAS PRODUCCIONES ANIMALES

Más de **1.400** expositores en **11 pabellones**
y **250 stands** en el exterior.

Más de **100.000** visitantes profesionales,
entre ellos, **14.000** internacionales de **121** países.

Una superficie de exposición de **16 Ha.**

100 conferencias durante los **4** días.

**Visitas gratuitas
a granjas.**

Consiga su pase gratuito en:
www.space.fr



SPACE

10-13 SEPT. 2019

RENNES - FRANCIA

space.fr +33 2 23 48 28 90 / international@space.fr



@SPACERennes #SPACE2019



PLANETA AGROPECUARIO
PLANET LIVESTOCK



Boas producións e un alto grao de benestar son obxectivos acadables

está formado por diferentes perfiles profesionais, como poden ser veterinarios, enxeñeiros ou técnicos, e a súa asignación de tarefas dentro do departamento pasa pola xestión de compras, a calidade do leite e os diferentes programas de traballo que temos instaurados nas ganderías (eficiencia produtiva, seguridade alimentaria, medio ambiente e benestar animal)”.

Nestlé, Dairy For You

Responde: Edis Estévez

“O noso sistema de calidade en granxa é un método de traballo continuo que está a evolucionar constantemente e vai incorporando as necesidades que nos transmiten os clientes, a Administración e a propia compañía”, conta Edis Estévez, responsable de compras de leite de Nestlé en Galicia.

Dende Nestlé traballan cun certificado de calidade propio, cuxos criterios se rexían inicialmente pola Guía de prácticas correctas da Inlac e que máis tarde se recolleron cos requirimentos específicos de Nestlé no seus sistemas de xestión de calidade, denominado Dairy For You Nestlé.

Verifican áreas como a de identificación e trazabilidade, alimentación e subministración de auga, sanidade animal e uso de medicamentos, manexo e benestar animal, instalacións e proceso de muxido, seguridade alimentaria e composición do leite, aloxamento e condicións ambientais,

► “NON SE FIXO MÁIS QUE TRASLADAR Á PRODUCCIÓN DE LEITE MÉTODOS QUE XA EXISTÍAN NOUTRAS ÁREAS”, E. ESTÉVEZ

uso de agroquímicos, medio ambiente e sustentabilidade, protección de persoas, creación de valor e xestión documental.

“En Galicia dispoñemos de catro asesores agropecuarios que son persoal de Nestlé”, explica. Estes son os encargados de realizar dúas auditorías anuais nas que recollen, ademais, datos de produtos empregados na explotación (pensos, medicamentos, fitosanitarios, fertilizantes...) e actualizan as características das instalacións (modificación en aloxamentos e na zona de muxido), as medidas de aforro enerxético e a mellora das condicións ambientais. Tamén poden levar a cabo visitas requiridas polo gandeiro ou actuar ante outros riscos detectados.

A entidade certificadora é Certicar, a cal audita anualmente o sistema de calidade mediante a visita a unha mostra representativa das granxas. “A maiores, tamén fomos auditados por SGS no alcance do *Responsible Sourcing* (aprovisionamento responsable), que é o sistema implantado por Nestlé a nivel mundial para a compra de materias primas agrarias, e participamos nas auditorías do Sistema Integrado de Xestión de Nestlé (NIMS), que audita Bureau Veritas”, engade Estévez.

Capsa Food: garantía gandeira e leite de pastoreo

Por unha banda, en Central Lecheira Asturiana contan dende o pasado mes de xuño co selo “Garantía Ganadera”, do cal dispoñen os 1.200 gandeiros e accionistas da compañía. Con esta acreditación, creada a través da certificación Xestión de Servizos Agrarios emitida por SGS, CLAS di “avaluar un completo abano de servizos agrarios únicos en España”, ao tempo que garante “o benestar do animal, a calidade de vida dos nosos gandeiros e a profesionalización das súas ganderías”.

Este selo ten como obxectivo ofrecer o mellor leite e busca “contribuír ao confort do gando mediante unha boa alimentación natural, loitando contra enfermidades e supervisando o control reprodutivo”. Deste xeito, “Garantía Ganadera” dá acceso a uns programas de nutrición, de control de calidade do leite, de sanidade, de reprodución e de xestión de explotacións encamiñados a apoiar e profesionalizar o sector. ►



2019
figan
www.figan.es

19-22 marzo | march
Zaragoza (SPAIN)

14ª Feria internacional para la Producción Animal
14th International Animal Production Show

 **FERIA
ZARAGOZA**

 **GOBIERNO
DE ARAGON**
Departamento de Desarrollo Rural
y Sostenibilidad



Por outra banda, dende Larsa buscan darlles prioridade tanto á calidade como á tradición, respectando a orixe e o medio. “No noso afán por manter a autenticidade dos nosos produtos, a confianza dos consumidores e o apoio a Galicia, dende Larsa presentamos en outubro de 2017 o leite de pastoreo, que está avalado co certificado SGS”, indican dende a compañía. Este leite procede de vacas que pastan en liberdade durante un mínimo de 720 horas e 120 días ao ano.

► “É NECESARIO PREOCUPARSE POLA SUSTENTABILIDADE E POLAS CONDICIÓNS AMBIENTAIS E DE BENESTAR ANIMAL COAS QUE SE OBTIVO O LEITE”, L. A. DÍAZ

CERTIFICAR PARA FIDELIZAR

O motivo principal de seguir todas estas directrices é, segundo apuntan dende as industrias, cumprir coas esixencias dos clientes: “Os consumidores están cada vez máis sensibilizados co trato que as compañías lles dan aos seus animais, mesmo hai casos nos que se deixa de comprar algunha marca determinada por non contar con programa de benestar animal”, sinala o representante de Calidad Pascual.

Os datos abalan esta afirmación: “As últimas enquisas sobre as tendencias de consumo din que o 85 % dos consumidores, en todas as producións animais, amosan interese pola orixe dos produtos, polas condicións de benestar nas que estiveron producindo eses animais, aínda que a realidade é que nas granxas, a día de hoxe, non hai nada fóra do normal neste sentido”, asegura Robles.

Dende Nestlé, tamén Estévez se suma a esta idea: “Aínda que moita xente pensa que os sistemas de certificación (de calidade, benestar animal etc.) son algo novo, realmente non se fixo máis que trasladar á produción de leite métodos que xa exis-

tían dende hai tempo noutras áreas como as fábricas, e que buscan que as cousas se fagan sempre ben, de maneira estruturada e de acordo a uns criterios cada vez máis esixentes”. Isto quere dicir que cada vez é máis necesario preocuparse “non só pola calidade dos produtos, senón tamén pola sustentabilidade e polas condicións ambientais e de benestar animal coas que se obtivo o leite que utilizamos para elaboralos”, explican en Lactalis.

A implantación deste tipo de sistemas de xestión supón un interesante reto tanto para a industria como para os gandeiros, o cal os obriga a pensar na necesidade de traballar a longo prazo, cun sistema que evolucione e que lles permita a todos os axentes implicados adaptarse e seguir mellorando a calidade dos seus produtos. Isto é algo fundamental, contan, para facerse un oco nun mundo tan rápido e globalizado coma o que nos tocou vivir, no que resulta evidente que xa non só importa ser posuidores desa calidade, senón tamén ser quen de demostrala ante o elo fundamental da cadea: o consumidor. ■